


Estudo feito para *Os Parentes* polo profesor don Xesús Ferro Ruibal, do I. Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega.

## O topónimo e o apelido *Trasar*

*Trasar* é hoxe nome de lugar pero tamén apelido. Como apelido lévano 19 persoas dos concellos de Santiago (10), Touro (4), A Coruña (2), Pontevedra (2) e Ourense (1).



<http://servergis.cesga.es/website/apellidos/viewer.asp>

*Trasar* é un apelido que deriva nome medieval de persoa *Trasarius*, tal como hai cinco anos xa afirmaba Nicandro Ares (en *Lucensia* 30, XV, 2005, 63-64).

Existe o apelido pero tamén existe o topónimo: *Trasar (de Carballo)*, que é lugar da parroquia de Santo Estevo de Cartelos, e *Trasar (de Sabugueiro)*, que é lugar da parroquia de San Miguel de Buciños, as dúas no concello de Carballo (Lugo).

O apelido e mailo topónimo proceden dun nome de persoa medieval: *Trasarius*.

Os profesores alemáns J.M. Piel e D. Kremer en 1976 xa incluían *Trasar* no seu dicionario onomástico de nomes góticos de Hispania (*Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter Universitätsverlag) como un dos moitos nomes que teñen como primeiro elemento *Tras-* (os nomes góticos adoitan ser compostos de dous elementos). Ese primeiro *Tras* para Piel e Kremer podería vir do gótico \* *pras* - que significaría “disputa, litixio” pero tamén dan como posible orixe o elemento latino *trans*. En definitiva, o topónimo *Trasar* procede dun antigo (*villa*) *Thrasarii* que quere dicir “(explotación agropecuaria) de *Trasario*”.

O *Corpus Documentale latinum Gallaeciae* (CODOLGA) (<http://corpus.cirp.es/codolga/buscas.html>), que reúne tódolos documentos latinos medievais de Galicia permítenos ver que *Trasar* aparece en documentos latinos do mosteiro de Oseira e a primeira vez é nun documento de **1193** onde se fala de *in Bucinos et in Laurario et in Trasar*. É dicir *Trasar* xa é nome de lugar. E noutros dous do mesmo mosteiro, de 1244 e 1259, asina como testemuña un tal *ts. Petrus Iohannis de Trasar* (“Pedro Eanes ou lanes de Trasar”). E noutro de 1260 fálase de *hunam hereditatem meam in loco dicto Trasar Ubigueyro* (“unha herdade miña no lugar chamado Trasar Ubigueyro”) que non sei se non será unha mala lectura *Trasar de Sabugueiro*.

En definitiva, *Trasar* é un apelido galego de orixe xermánica, que se conserva tamén como topónimo e que deu un derivado *Trasariz*.

Así que no topónimo *Trasar* consérvase o nome do primeiro propietario dunha explotación agropecuaria, que se chamaba *Trasario*. Ou sexa que un *Petrus Iohannis de Trasar* do século XIII non é o máis antigo habitante da zona, porque no século XII *Trasar* xa era un nome de lugar. O nome vén de máis atrás. E non tódolos lugares de Galicia teñen a posibilidade de saber como se chamaba o primeiro que tivo aí unha actividade económica rural. O nome deixou de ser usual pero quedou para sempre ligado ó territorio.

A actual actividade agropecuaria de Trasar vén, polo tanto, do tempo dos góticos. Hai moita experiencia acumulada na maneira de traballa-la terra e coida-lo gando.

**Engadido polos Parentes:** é ben curioso que ese primeiro propietario de 1244 xa se chamase *Iohannis* e que o noso presidente tamén se chame *Xan*, que vén sendo o mesmo. Teremos que seguir mesturando a modernidade no tratamento das vacas e do seu leite co respecto pola tradición e o orgullo de sabernos continuadores dunha tradición centenaria. Grazas, don Xesús polos datos.

Trasar de Carballo, nos primeiros días do ano dous mil once.